

# RENDIR LOS MACHOS

David Pantaleón, 2021

# 949

ESTREA EN NUMAX: 20.06.2021 | V.O. | +12 | 81 min.

Unha viaxe a pé de máis de 100 desérticos quilómetros con sete machos cabríos...e dous irmáns que se odian. O pai impón unha última vontade no seu testamento: Alejandro e Julio deben viaxar cos sete machos ata o extremo sur da illa.

«Unha sorte de costumismo máxico que integra o folclórico, o tradicional e o cotiá»

Felipe Rodríguez Torres, CAIMÁN CUADERNOS DE CINE



## Entrevista con David Pantaleón: «As tradicións son unha ficción inventada por alguén nun momento dado»

Por José A. Cano

**Por que elixiches que os actores sexan os teus propios irmáns?** Empezamos baseándonos neles para construír o guión e a idea de traballar con actores naturais. Durante o cásting en Fuerteventura buscando dous non actores que se parecían aos meus irmáns xurdiu a idea de propoñérllelo a eles mesmos. Aceptaron e iso deu nos a posibilidade de poder traballar a outros niveis: se con actores profesionais tes certos recursos ou estratexias que eles traen aprendidas e con non profesionais tes que indagar por outro lado, aquí que fosen os meus irmáns dárame a posibilidade que os referentes fosen compartidos por min.

**Tes familia gandeira?** Os meus avós por parte de nai eran os carniceros do pobo. Agora son meus tíos e curmáns os que o herdaron. Iso vai asociado sempre a ter gando. É un mundo que coñezo desde neno e por iso me atrae.

**A tradición de render os machos existe?** Non existe, non. Quería traballar con esta de idea de por que se perpetúan as tradicións. Creo que teñen un elemento funcional, nun momento crítico como a morte dun pai e o reparto da herdanza os irmáns teñen que compartir tempo xuntos. Tamén está a idea de que a tradición é a máxima ficción pero asimilámola, respectámola e acaban marcando a nosa identidade. As tradicións son unha ficción inventada por alguén nun momento dado.

**E a canción coa que despíden os demais cabreiros o falecido?** Existe unha tradición que son os contos dos ranchos de ánimas, que son como grupos folclóricos asociados á Igrexa, algo bastante arcaico que o que fan é cantarlle aos mortos. No Samaín de Canarias o que se facía era ir polas casas cantarlles aos falecidos históricos da familia. A canción orixinal trataba sobre mariñeiros e fixemos unha adaptación para que incluíse os cabreiros.

**O filme explora a masculinidade como unha sorte de performance...** Si, e iso non deixa de ser outra ficción, algo inventado de como ten que ser un home, como ten que ser o macho alfa do gando. E adoitan ser ideas infantís. É un pouco o que nos pasa todos na vida real, imos madurando, crémonos moita cousa pero non deixamos de ser os nenos que fomos. Eu son o sexto dunha familia de seis varóns, teño un catálogo de cinco irmáns onde vexo moitas realidades, aparte de min mesmo. Por iso este xogo coa nosa capacidade de incomunicación, que é moi da masculinidade, non falar as cousas, parecíame moi interesante.

**Recoñécete nesa tendencia de filmes como *Espíritu sagrado* (Chema García Ibarra, 2021), *Destello bravío* (Ainhoa Rodríguez, 2021) ou *Secaderos* (Rocío Mesa, 2022) con cineastas que rodades nas vosas vilas con actores non profesionais?** *Espíritu sagrado* é un filme xenial e compartimos directora de arte, Leonor Díaz. *Destello bravío* quero vela. En canto ao que dis, creo que hai un cambio de paradigma respecto ao que buscaban cineastas de xeracións anteriores. A idea de rodar en Hollywood está totalmente desterrada. Os cineastas dos que falas descubriron o exotismo do lugar de onde son grazas a velos desde fóra. É importante marchar do teu lugar para poñelo en valor.